

II CONVOCATORIA DE PROFESORES RESPONSABLES DE CALIDADE E CONVERXENCIA NA UDC

A Universidade da Coruña abre a II Convocatoria para o nomeamento dos Profesores Responsables de Calidade e Convergencia dos centros da UDC. .

Estamos xa nun contexto de integración definitiva no EEES xa que a totalidade dos centros da nosa universidade teñen en marcha propostas de novos títulos de grão para o vindeiro 2011/2012 como parte do proceso de integración no EEES.

A necesidade de dar un apoio firme aos centros na posta en marcha dos novos títulos e de apoiar as accións derivadas do seguimento e posterior acreditación dos mesmos é o obxectivo desta convocatoria para o curso 2011/2012.

Poderán participar nesta convocatoria as facultades e escolas da UDC que asuman a realización dos seguintes proxectos no prazo cuberto por esta convocatoria:

- A. Posta en marcha do Sistema Interno de Garantía de Calidade do centro.
- B. Posta en marcha do proceso de seguimento de títulos oficiais do centro.
- C. Posta en práctica do Plano de acción tutorial do centro.

Para poder tomar parte nesta convocatoria os centros participantes deberán cumprir para o curso 2011/2012 as seguintes condicións:

- Elaborar, na aplicación informática, a Guía docente do centro, as dos títulos oficiais que impartan e o 80% das Guías docentes das materias.
- Acadar un mínimo do 50% de participación, tanto entre o estudiantado como entre o profesorado, na avaliación docente e da titulación correspondente ao curso 2011/2012.
- Compromiso de achegarlle á Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías toda a documentación do profesorado que imparta docencia no Centro e que se lle solicite en relación co proceso de seguimento dos novos títulos, cos Sistemas de Garantía Interna de Calidade (SGIC), co programa DOCENTIA ou con calquera outro programa que dependa desta Vicerreitoría.

A Dirección dos centros que participen nesta convocatoria disporá da axuda para o financiamento dun/dunha **profesor/a que actuará como profesor/a responsable de calidade e converxencia (PRCC)** por un período de 12 meses, (a partir do 1 de outubro de 2011) cun complemento económico asimilable a vicedecano, cuxo nomeamento fará o reitor, a proposta da Dirección do centro.

O PRCC terá a responsabilidade de coordinar os traballos relacionados co seguimento dos títulos e coa implantación dos sistemas de garantía de calidade indispensables para a acreditación dos novos títulos.

En calquera caso ningún/ningunha PRCC poderá recibir complemento se tivese un cargo académico previo con carácter remunerado.

A Dirección do centro que se acolla a esta convocatoria deberá presentar a seguinte documentación:

- Datos persoais do PRCC.

O prazo de presentación das solicitudes será ata o 28 de setembro de 2011 e se poden utilizar os Rexistros da UDC ou ben a través do seguinte enderezo electrónico vcnt@udc.es

A Coruña, 20 de setembro de 2011



Elena Sierra Palmeiro

Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías